



IES FÉLIX MURIEL - RIANXO

Seminario Permanente TIL

REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN **ACORDOS TIL 2023-24**

Tratamento Integrado das Linguas



www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel

ies.felix.muriel@edu.xunta.gal

Marco teórico e legal do Tratamento Integrado de Linguas

No IES Félix Muriel comezouse a desenvolver a metodoloxía didáctica do Tratamento Integrado de Linguas e, nalgúns casos, Contidos no curso 2015-16. Esta metodoloxía chegara ao sistema educativo coa LOXSE, para desenvolver o ensino bilingüe nos territorios con lingua propia e, polo tanto, con dúas linguas oficiais ou cunha lingua oficial e outra con algún tipo de protección.

O TIL ten o seu fundamento na competencia subxacente común ("repertorio lingüístico" ou recursos e habilidades necesarias para desenvolver a competencia plurilingüe). Este concepto aparece na teoría do dobre iceberg proposta por J. Cummins, principal figura no estudo do multilingüismo e do ensino de linguas minoritarias e/ou minorizadas, que afirma que as linguas no cerebro non están separadas senón que son interdependentes. Nos anos 80, Cummins presentou a súa hipótese da interdependencia, coa que demostra que, se a instrución nunha lingua minoritaria é efectiva á hora de promover a competencia en dita lingua, a transferencia desta competencia á lingua maioritaria darase sempre que haxa unha exposición adecuada a esa lingua e haxa unha motivación adecuada para aprendela. É dicir, na práctica significaría que, se, por exemplo, aprendemos a facer esquemas en galego, non precisamos aprender de novo a facelos en español ou en francés ou en inglés, pois o contido xa está asimilado e só precisaremos poñelo en práctica nas distintas linguas.

Nos 90, a LOXSE recollía as teorías de Cummins e incidía en que había que facilitar o transvasamento do aprendido nunha lingua a calquera outra.

En 2001, o TIL entra no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), documento compartido polos países da Unión Europea (UE), que procuraba acabar coa "múltiple competencia monolingüe" instalada nos centros educativos, para lograr no alumnado o desenvolvemento da competencia plurilingüe ou multilingüe. O MCERL, asinado por España, foi trasladado ás leis educativas en 2006 a través da LOE, que introducía as competencias básicas e falaba da competencia subxacente común como fundamento do tratamento integrado das linguas.

Nos cursos 2007-08 e 2008-09, elaboráronse os primeiros Proxectos Lingüísticos de Centro (PLC), que contemplaban o TIL como a metodoloxía necesaria para desenvolver estes proxectos.

En 2013, a LOMCE convértese no camiño legal para a implementación da metodoloxía TIL nos centros educativos, pois os decretos curriculares emanados da lei recollen nos prólogos dos currículos das materias lingüísticas a necesidade dun Tratamento Integrado de Linguas e diríxense a todas as áreas lingüísticas, non só ás dúas linguas oficiais, senón tamén ás linguas estranxeiras e ás linguas clásicas. En 2020 a LOMLOE e en 2022 os Decretos curriculares derivados dela estenden o TIL a todos os ámbitos do currículo:

- **Competencia Plurilingüe:** “A CP implica facer transferencias entre linguas”.
- **Descritores operativos das CCCC:** “A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual”.
- **B2. Latín e plurilingüismo.** Liñas de actuación: “Coordinación cos departamentos de LGL e LCL para acordar unha nomenclatura gramatical común e evitar a confusión do alumnado ante a diversidade terminolóxica, así como a posta en común de aspectos gramaticais e a temporización e secuenciación dos contidos. Recoméndase pois a actualización dos documentos do centro correspondentes.”
- **Linguas Estranxeiras.** Liñas de actuación: “A coordinación entre o profesorado das Linguas Estranxeiras e das Linguas Cooficiais é necesaria para reforzar conxuntamente a aprendizaxe de calquera lingua, en canto á tipoloxía textual, á definición de termos lingüísticos e á utilización de terminoloxía similar. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente a partir da lingua materna e da lingua ambiental, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte”.
- **Lingua Castelá e Literatura.** Liñas de actuación: “É fundamental o traballo coordinado con outras materias do currículo, especialmente do ámbito lingüístico debido ao emprego común dos distintos xéneros discursivos. O traballo interdisciplinario cos outros departamentos lingüísticos, co ENDLG e co equipo da Biblioteca constituirá un apoio importante para mellorar a adquisición de capacidades e coñecementos sobre a comunicación”.
- **Lingua Galega e Literatura.** Liñas de actuación: “Potenciación do TIL”.
- **Principios pedagóxicos 5.** (Como xa sucedera na LOMCE, incorpóranse aquí as medidas para a impartición do currículo integrado de linguas): **“Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas (...). No proxecto lingüístico do centro (PLC) concretaranse as medidas tomadas para a súa impartición. Estas medidas incluírán polo menos...”:**
 - Acordos sobre criterios metodolóxicos de actuación en todas as linguas.
 - Acordos sobre a terminoloxía que se vai empregar en todas as linguas.
 - Acordos sobre o tratamento que se lles dará aos contidos similares.
 - Acordos sobre o tratamento que se lles dará aos CA similares.
 - Acordos para evitar a repetición de aspectos comúns.

I Acordos organizativos

1. Crear un Seminario Permanente a partir do curso 2023-2024.
2. Manter a representación de cada Departamento das AL no Seminario Permanente coa presenza como mínimo dun membro por Departamento.
3. Establecer unha hora fixa de reunión semanal, que figure entre as horas fixas de permanencia no centro no horario do profesorado que forme parte do Seminario Permanente.

II Acordos sobre as funcións do Seminario Permanente:

1. Reflexionar e discutir arredor da propia práctica docente.
2. Propoñer estratexias de mellora e/ou innovadoras. Por exemplo, deseñando secuencias didácticas, situacións de aprendizaxe e proxectos interdisciplinares cun enfoque comunicativo.
3. Establecer as liñas mestras para a elaboración de situacións de aprendizaxe integradas.
4. Crear guías para o profesorado e o alumnado do centro, que deberán superar os seguintes trámites:
 - ser aprobadas por unanimidade no seo do Seminario Permanente.
 - ser aprobadas pola CCP.
 - ser trasladadas ao claustro desde o equipo directivo.
 - ser engadidas ao PLC (emendas).
 - formar parte da concreción curricular do centro.
5. Revisar os ACORDOS TIL aprobados e actualizalos, con respecto ao novo marco legal, para que sexan respectados.



Acordos TIL no marco da LOMLOE:



Acordos metodolóxicos

Para reforzar os aspectos prácticos, cómpre poñer especial atención na oralidade e nas destrezas activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado. Neste sentido guíannos sobre todo catro consideracións fundamentais:

- O sistema educativo debe proporcionar ao alumnado o acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura galega e, desde ela, á cultura universal.
- A persoa docente debe procurar prescindir ao máximo do hábito da explicación teórica e converterse en dinamizadora das actividades que propón; para que o alumnado sexa o protagonista e non un mero receptor.
- O alumno/a debe romper coa dinámica da aprendizaxe indutiva, entrando noutra máis orixinal, reflexiva e lúdica, a aprendizaxe interactiva, que lle permita alcanzar a madureza lingüística propia da súa etapa.
- As metodoloxías activas e o enfoque comunicativo son as indicadas pola LOMLOE nos seus principios pedagóxicos e son as necesarias para o desenvolvemento do TIL.
- O Caderno TIL do alumnado e o Caderno TIL do profesorado supoñen a concreción destes acordos.

Seguiremos as liñas metodolóxicas enumeradas no Decreto 133/2007, que son as seguintes:

- Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar, seleccionar e tratar a información.
- Fomentar a confrontación clara e respectuosa.
- Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.
- Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até os resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

Arredor dos recursos dos que se debe servir o alumnado, este deberá asistir a clase provisto destes materiais:

- O Caderno TIL , do que poder servirse sempre para realizar as tarefas.
- Folios en branco e bolígrafo para poder realizar as tarefas.
- Correo electrónico corporativo, para poder comunicarse co profesorado.

② Acordos terminolóxicos

1. Utilizaremos a terminoloxía propia da Gramática Funcional.
2. Buscaremos a reflexión sobre a lingua a partir do uso lingüístico. En Sintaxe, en 1º ESO partiremos dos problemas de concordancia e das oracións inacabadas.
3. En Morfoloxía entenderemos o morfema como a parte máis pequena da palabra con significado. Ese significado pode ser léxico ou gramatical. Clasificarémolos en: prefixo + raíz + sufixo (derivativo, alterativo ou flexivo).
4. Empregaremos a denominación "clases de palabras" en 1º, 2º e 3º ESO, podendo introducir "categorías gramaticais" a partir de 4º ESO.

As clases de palabras:

- | | | |
|---------------|-----------------|----------------|
| • Substantivo | • Demostrativo | • Exclamativo |
| • Adxectivo | • Posesivo | • Preposición |
| • Adverbio | • Numeral | • Conxunción |
| • Verbo | • Indefinido | • Interxección |
| • Pronome | • Artigo | |
| • Relativo | • Interrogativo | |

Os tempos, os modos e as voces verbais:

- non persoais: infinitivo (amar), xerundio (amando) e participio (amado).
- voces: activa, pasiva (voz media só en bacharelato).
- con respecto aos tempos, aspectos e modos verbais, imos seguir utilizando a terminoloxía tradicional, mentres non se debate e se acorde unha coherente coa terminoloxía aquí escollida.

③ Acordos sobre os contidos

Nas AL, en toda a etapa da ESO, centrarémonos nos cinco ámbitos propostos por Oriol Guash:

1. O desenvolvemento de habilidades de comprensión e expresión, oral e escrita.
2. O coñecemento das situacións discursivas e os xéneros de texto.
3. A interdependencia entre o uso lingüístico e a reflexión metalingüística.
4. O coñecemento da diversidade lingüística.
5. As actitudes lingüísticas (deben ser positivas de cara á variedade).

1º ESO

1. Comprensión de textos orais e escritos utilizados no ámbito académico e dos medios de comunicación.
2. Produción de textos sinxelos; orais e escritos; adecuados, coherentes e cohesionados; propios dos medios de comunicación e do ámbito académico.
3. Participación activa en situacións de aprendizaxe propias do ámbito académico e non académico.
4. Detección do tema e do subtema en distintos tipos de texto. Subliñado das ideas principais.
5. Lectura en voz alta, con dición, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos de cada lingua e aos signos de puntuación.
6. Planificación, revisión e boa presentación de textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas.
7. Recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivos, adxectivos, pronomes, verbos, adverbios). Respecto polas normas ortográficas. Adquisición de novo vocabulario.
8. Comprensión e respecto pola realidade plurilingüe na que habitamos, evitando prexuízos.
9. Uso das TIC para obter información.
10. Uso das estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

2º ESO

- 1 Comprensión de textos orais e escritos utilizados no ámbito académico (relatos, contos, lendas, poemas, cancións e cómics) e dos medios de comunicación (noticias), cunha actitude de escoita activa e cun grao maior de autonomía que no curso pasado.
- 2 Produción de textos sinxelos (narrativos, descritivos, argumentativos, expositivos, xornalísticos...), servíndose ou non das TIC, segundo indique a persoa docente; orais e escritos; adecuados, coherentes e cohesionados; propios dos medios de comunicación e do ámbito académico.
3. Participación activa en situacións de aprendizaxe propias do ámbito académico e non académico (debates, coloquios, conferencias, presentacións, lecturas públicas, recitados, actividades complementarias, proxectos interdisciplinares, saídas didácticas, cadernos de viaxe...), con maior autonomía que no curso pasado.
4. Detección do tema e do subtema en distintos tipos de texto. Elección dun título ou un titular para un texto. Subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas, resumos e definicións.
5. Lectura en voz alta, con dición, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos de cada lingua e aos signos de puntuación (da lectura da aula ou doutras lecturas dentro e fóra da aula), valorándose especialmente o recoñecemento dos erros cometidos e a autocorrección.
6. Planificación, revisión e boa presentación de textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas (respectando as Pautas de presentación de tarefas e probas, así como a estrutura de cada tipo de texto), seguindo sempre as indicacións da persoa docente pero cun grao cada vez maior de autonomía.
7. Recoñecemento das clases de palabras básicas (substantivos, adxectivos, pronomes, verbos, adverbios), con maior rigor que o curso pasado e sabendo flexionar substantivos, adxectivos e pronomes, así como conxugar verbos. Respecto polas normas ortográficas, evitando as interferencias entre as linguas. Adquisición de novo vocabulario, especialmente a partir das lecturas realizadas na aula.
8. Comprensión e respecto pola realidade plurilingüe na que habitamos, evitando os prexuízos e desenvolvendo un sentido crítico ante os mesmos. Valorarase moi positivamente que fóra da aula o alumnado desenvolva unha actitude libre de prexuízos lingüísticos e un labor dinamizador da lingua galega.
9. Uso das TIC para obter información, seleccionándoa adecuadamente e converténdoa en coñecemento propio (evitando sempre a reprodución e procurando usar palabras propias), sinalando ademais as fontes das que se obtivo esa información.
10. Uso das estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

④ **Acordos sobre os Criterios de Avaliación**

Estando a rubricar os Criterios de avaliación (CA) para LGL-4ºESO. O vindeiro curso celebraranse reunións interdepartamentais para acordar os mínimos de consecución deses criterios e as tarefas que se propoñan para cada un deles.

⑤ **Acordos para evitar a repetición de aspectos comúns**

- Coordinación e traballo en equipo, trasladando as mesmas indicacións ao alumnado.
- Avaliación competencial, utilizando os documentos deseñados para o alumnado, como o Caderno TIL.
- Creación de Proxectos interdisciplinares, pois a lingua ten unha función instrumental para aprender os restantes saberes.